

**PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR 17 PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (BOP Nº 22 DO 03/02/2026).**

**ACTA Nº 6 DE ESTUDO E RESOLUCIÓN DO ESCRITO PRESENTADO POR UN ASPIRANTE.**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial, ás 09:30 horas do día 16 de xullo de 2026, reúnese presencial e de forma telemática, o Tribunal que xulgará o procedemento selectivo para cubrir 17 prazas vacantes de bombeiro/a condutor/a no cadro de persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, segundo as bases aprobadas por resolución da presidencia do Consorcio Provincial de Ourense, número 2026/0024 do 23 de xaneiro de 2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 22 do 03/02/2026.

O obxecto da Convocatoria é o estudo e resolución dun escrito presentado por un aspirante a proba tipo test realizada o día 18/06/2026.

Están presentes ou conectados de forma telemática os seguintes membros do tribunal:

Presidente: don Celso Román Conde Murga.

Vocais: don José Ramón Sánchez Feijóo, don Daniel González Moral, dona Luz María Costa Fontán.

Secretario: don Adamantino Barreiro García.

Este Tribunal xa resolveu as reclamacións achegadas tras a publicación da relación de aspirantes, identificados co número asignado, publicada o día 22 de xuño de 2026 e a lista coas identidades publicada o 30 de xuño de 2026, no que se indicaba que dispoñían de dous días hábiles para presentar as reclamacións, segundo o previsto nas bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 22 do 03/02/2026. O día 3 de xullo de 2026, reuniuse o Tribunal e resolveu todas as reclamacións achegadas.

O escrito presentado o 13/07/2026, di literalmente o seguinte:

D. Javier Fernández Quiroga, con DNI: \*\*\*3684\*\*, presenta escrito o día 13 de xullo de 2026, con número de rexistro 2026035646. Dito escrito literalmente di:

*«AL ORGANO DE SELECCION DEL PROCESO :CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARACUBRIR 17 PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025*

*Yo: Javier Fernández Quiroga, con DNI: \*\*\*3684\*\*, participante en el proceso con numero 063 : CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 17*

**PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025 .**

*Expone:*

*-Primero: Tras la publicación del ACTA 5 resolución de reclamacións e convocatoria do segundo exercicio probas de aptitude física. He revisado nuevamente la plantilla autocopiativa de mi examen, comprobando que la puntuación obtenida es suficiente para superar la prueba conforme lo establecido por el tribunal en 14 puntos, en la relación de aspirantes que superaron a proba sen identidades. Por lo que considero que existe un posible error en la corrección, en el compute de mi puntuación o en la transcripción de mi resultado al no figurar en la relación de personas aptas.*

*-Segundo: con anterioridad, tras la publicación de la plantilla provisional, presenté alegaciones a las preguntas del examen, al entender de forma errónea que no había superado la prueba por una única pregunta, sin embargo tras una nueva comprobación detallada del examen y la plantilla oficial, he constatado que mi puntuación alcanza la calificación necesaria para resultar apto, conforme lo expuesto en las bases:*

*\*Fase 1: Probas de oposición.*

*Cada resposta correcta valorarase con 0,35 puntos; penalizándose as preguntas mal contestadas, de forma que por cada pregunta incorrecta se descontará 0,11 puntos. As preguntas en branco non penalizan. \**

*-Quedando la siguiente puntuación:*

*.Preguntas contestadas totales: 68*

*.preguntas acertadas:  $47 \times 0,35 = 16,45$*

*.preguntas erróneas:  $21 \times 0,11 = 2,31$*

*.total:  $16,45 - 2,31 = 14,14$*

*-Tercero: Exponer también que hasta el momento de la publicación de identidades de los exámenes, no sería posible pedir la comprobación de mi examen, para no tener conocimiento de la identidad de los exámenes.*

*Nº examen: 063*

*por todo lo expuesto.*

**SOLICITO**

*Que se proceda a revisar nuevamente la corrección y el cómputo de la puntuación correspondiente a mi examen.*

*Asimismo, en caso de comprobarse la existencia de un error material o de cálculo, solicito que se rectifique mi calificación y se me incluya en la relación de personas aptas con los efectos administrativos que correspondan.»*

D. Javier Fernández Quiroga, con número de DNI \*\*\*3684\*\*, xa presentou reclamación, tal e como indica no seu escrito, o día 23 de xuño de 2026, con número de rexistro: REGAGE26e00058525970. Nesa reclamación solicitou a revisión das preguntas: 52, 56, 98 e 100. A dita reclamación xa foi contestada na acta número 5, do 3 de xullo de 2026, que foi obxecto de publicación.

No escrito achegado o día 13/07/2026, cabe destacar, en primeiro lugar, que non o cualifica como reclamación, xa que tería o carácter de extemporánea, xa que realízase fora do prazo de dos dous días hábiles outorgados polas bases para presentar

reclamacións, polo que en principio se tivese por obxecto un análise interpretativo, debería procederse ao seu rexeitamento.

Sen embargo, no escrito presentado agora, o reclamante solicita que se corrixa un erro material ou de cálculo producido na súa puntuación final. Argumenta que ten 47 preguntas acertadas e 21 preguntas erróneas, polo que a súa puntuación final é de 14,14 puntos.

O Tribunal procede a realizar unha comprobación, e observase que na súa plantilla, que ten o número 63, figuran un total de 46 preguntas acertadas 22 erróneas, e 32 preguntas en branco. Procédese, a continuación, a realizar unha nova corrección e comprobación coa plantilla de respostas publicada. Unha vez realizada a nova corrección, e comprobada ata en dúas ocasións, confirmase que a pregunta número 2 do test, figura como puntada como errónea. Sen embargo comprobada a resposta marcada polo aspirante nesa pregunta número 2, constátase que a opción marcada por el é a "D", é polo tanto é correcta, polo que estamos claramente ante un suposto de erro material que produce un erro aritmético, que procede emendar co fin de salvagardar os dereitos do aspirante, de tal xeito que lle permita comparecer a seguinte proba do procedemento, prevista para o día 23 de Xullo de 2026.

Así o resultado que obtén o aspirante é dun total de 47 preguntas acertadas, 21 erróneas e 32 en branco polo que a súa puntuación final é a seguinte:

Preguntas acertadas:  $47 \times 0,35 = 16,45$

Preguntas erróneas:  $21 \times 0,11 = 2,31$

Puntuación total:  $16,45 - 2,31 = 14,14$

Os membros do Tribunal solicitan ao Secretario do Tribunal e Secretario do Consorcio, o seu asesoramento ao respecto, por constituír unha cuestión de tipo xurídica.

O Secretario informa ao respecto, que se debe analizar se procede aceptar o citado escrito como se fora unha reclamación tras a finalización do período establecido para presentar reclamacións, que foron o día 1 e 2 de xullo. Sobre esta cuestión hai que destacar que, no presente caso, non estamos ante unha revisión que implique unha modificación dos criterios de corrección, o que infrinxiría os principios de igualdade (artigo 23.2 da Constitución) e de mérito e capacidade (artigo 103.3 da Constitución). No presente caso estamos ante un mero erro material ou aritmético. Respecto a estes erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, sinala que:

*«As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos».*

Cabe destacar que o erro detectado, cumpre cos requisitos que exige a xurisprudencia, xa que nos casos de erro material, de feito ou aritmético débense caracterizar por ser "ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos (STS de 18/06/2001 (recurso de Casación núm. 2947/1993); STS de 30/04/1988, STS de 5/11/2002 (recurso de casación núm. 2225/1998) ou STS de 15/12/2003 (recurso de casación núm. 3804/2001). A xurisprudencia (SSTS de

24/07/2018 ou STS 03/10/2014) indica que o erro debe reunir as seguintes características:

*«1º Debe tratarse de simples equivocacións elementais (en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos) sen que sexa preciso acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables.*

*2º Deben bastar para a súa apreciación os datos do expediente administrativo no que se advirte.*

*3º Pola súa propia natureza trátase de casos nos que non procede acudir de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.*

*4º Non debe producir unha alteración fundamental no sentido do acto como consecuencia de que o que se expón como erro leva para apreciálo a un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica.*

*5º A apreciación do erro material ou aritmético non pode levar á anulación do acto, ditándose outro sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado: o exercicio da potestade rectificatoria non pode encubrir unha auténtica revisión.*

*6º Debe aplicarse con criterio restritivo.»*

Polo tanto, neste caso ben a instancia do interesado ou de oficio polo propio Tribunal, débese rectificar o erro material, ou máis ben neste caso aritmético na suma final, cometido na corrección e valoración da puntuación final da proba tipo test realizada o día 18/06/2026, e outorgarlle ao aspirante a puntuación final de 14,14 puntos, xa que de non corrixir dita cualificación, estaríanse conculcando ao aspirante os dereitos de acceso, en condicións de igualdade, ás funcións e cargos públicos (artigo 23.2 CE-1978) así como o acceso á función pública de acordo cos principios constitucionais de mérito e capacidade (103.3 CE-1978), xa que a citada proba ten carácter eliminatorio e impediría ao aspirante continuar realizando as seguintes probas do procedemento. Isto podería ocasionar unha paralización ou retroacción do procedemento no suposto de prosperar unha posible reclamación xudicial do aspirante.

Tendo en conta os argumentos citados polo Secretario, o Tribunal acorda por unanimidade dos membros presentes, proceder a corrixir o erro na nota de D. Javier Fernández Quiroga, con DNI \*\*\*3684\*\*, e outorgarlle, na proba test, unha puntuación final de 14,14 puntos.

O Tribunal acorda así mesmo, por unanimidade dos seus membros presentes, proceder a modificación da lista de aspirantes que superaron a proba tipo test realizada o 18-06-2026, incluíndo ao aspirante D. Javier Fernández Quiroga, con DNI \*\*\*3684\*\*, cunha puntuación total de 14,14, corrixindo o erro existente na nota da súa cualificación, e incluílo na lista definitiva dos aspirantes que superaron a proba, e publicala no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web do Consorcio Provincial segundo o previsto nas bases que rexen o procedemento. O resto de cualificacións, non se modifica.

#### **RESULTADO DOS ASPIRANTES QUE SUPERARON A PROBA TIPO TEST REALIZADA O 18-06-2026.**

| NOME DO ASPIRANTE             | DNI       | Nº DO ASPIRANTE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-------------------------------|-----------|-----------------|------------------|
| Guimarey Vidal, Tomás         | ***0663** | 102             | 26,35            |
| Carbajo García, Pablo         | ***7241** | 21              | 23,94            |
| Paz Viñas, Martín             | ***1601** | 99              | 23,31            |
| Oubiña Allo, Juan Luis        | ***8049** | 144             | 23,04            |
| Andrade Prol, Alejandro       | ***3599** | 41              | 22,64            |
| Casal Iglesias, César         | ***0241** | 24              | 22,28            |
| Carro Naveira, Manuel Alfonso | ***2321** | 22              | 21,80            |
| Suárez Tomé, Marco            | ***7031** | 189             | 20,86            |
| Dieste Otero, Francisco José  | ***9568** | 35              | 20,74            |
| Rodríguez Ribao, Yago         | ***5931** | 169             | 20,69            |
| Bastón del Río, Alberto       | ***0698** | 3               | 20,40            |
| Blanco Rodríguez, Antón       | ***9878** | 11              | 20,34            |
| Seijas Rodríguez, Mario       | ***8023** | 184             | 20,16            |
| Torres Romay, Jesús Javier    | ***8605** | 193             | 19,76            |
| Rega Juncal, Antonio Manuel   | ***3137** | 156             | 19,61            |
| Gándara Tombo, José Castor    | ***2077** | 60              | 19,60            |
| Costado Coego, Alejandro      | ***8007** | 27              | 19,56            |
| Martín Vicente, Pablo         | ***4235** | 130             | 19,53            |
| Esteban Ferreiro, David       | ***5397** | 70              | 19,50            |
| Bermejo Fernández, Iago Antón | ***5698** | 7               | 19,35            |
| Altinsoy Pérez, Kais          | ***9707** | 47              | 18,95            |
| Cuadrado Pérez, Jorge         | ***1633** | 30              | 18,76            |
| Grande Varela, José Luis      | ***3583** | 73              | 18,47            |
| Iglesias Noya, Francisco      | ***0371** | 105             | 18,21            |
| Vázquez Méndez, Sergio        | ***7043** | 200             | 18,10            |
| López Barrios, Borja          | ***5822** | 118             | 17,77            |
| Bello Bugallo, Iria           | ***0409** | 5               | 17,49            |
| Alonso González, Ismael       | ***3057** | 48              | 17,25            |
| Louro Valverde, Juan          | ***5931** | 124             | 16,91            |
| González Martínez, Ismael     | ***1806** | 80              | 16,89            |
| Suárez Pérez, David Luis      | ***8456** | 190             | 16,87            |
| Viñas Cores, Roi              | ***2077** | 205             | 16,83            |
| Couto Pintos, Pepe            | ***3630** | 29              | 16,65            |
| Salvado Gontad, Óscar         | ***4610** | 177             | 16,65            |
| Buján López, Xabier           | ***5129** | 15              | 16,59            |
| Vidal Sánchez, Pedro          | ***2778** | 202             | 16,57            |
| Pérez Cota, Daniel            | ***7570** | 98              | 16,53            |

| NOME DO ASPIRANTE               | DNI       | Nº DO ASPIRANTE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---------------------------------|-----------|-----------------|------------------|
| García Neira Xoel               | ***9250** | 58              | 16,41            |
| García Mato, Diego              | ***2968** | 57              | 16,26            |
| Piñón Hermida, David            | ***1414** | 91              | 16,20            |
| Gil Iglesias, Ramiro            | ***9305** | 89              | 16,17            |
| Regueira Martínez, Pablo        | ***8437** | 159             | 16,17            |
| Galbán Ces, Alejandro           | ***8883** | 61              | 16,11            |
| Guerreiro Mato, Aitor           | ***4415** | 74              | 15,95            |
| Fernández Martínez, Ángel       | ***2855** | 66              | 15,89            |
| Rial Álvarez, Pedro             | ***9056** | 161             | 15,77            |
| Suárez Villar, Eloy             | ***7470** | 191             | 15,21            |
| Álvarez Corbelle, Roque         | ***5792** | 45              | 15,19            |
| Castro Barreiro, Adrián         | ***4933** | 23              | 15,14            |
| González González, Adrián       | ***6735** | 81              | 15,10            |
| Pérez González, Álvaro          | ***2592** | 95              | 15,06            |
| Domínguez Rodríguez, Pedro      | ***3464** | 37              | 14,84            |
| Domínguez Vázquez, Miguel Ángel | ***3149** | 38              | 14,79            |
| Portas Arias, Julio             | ***1319** | 150             | 14,76            |
| Pampín Iglesias, David          | ***2854** | 146             | 14,66            |
| Regadas Román, Pablo            | ***6260** | 157             | 14,66            |
| Veiras Mosquera, Miguel         | ***6546** | 201             | 14,61            |
| Varela Docampo, Adrián          | ***5813** | 196             | 14,53            |
| Núñez Mosquera, Manuel          | ***2908** | 142             | 14,51            |
| González Valle, Miguel          | ***3458** | 77              | 14,49            |
| Pérez Martínez, Hugo            | ***9536** | 96              | 14,42            |
| Eiriz Agulló, Manuel            | ***6411** | 72              | 14,40            |
| García Nóvoa, Diego             | ***5456** | 55              | 14,40            |
| Souto Figueira, Juan Carlos     | ***7267** | 188             | 14,37            |
| Torres Blanco, Andy             | ***6711** | 192             | 14,31            |
| Fernández Quiroga, Javier       | ***3684** | 63              | 14,14            |
| Pereira Blanco, Sergio          | ***0634** | 97              | 14,09            |

Recordar aos aspirantes que o segundo exercicio previsto nas bases que rexen a convocatoria, tal e como consta na Acta número 5 xa publicada, "PROBAS DE APTITUDE FÍSICA" será na seguinte data e lugar:

**DIA:** 23 DE XULLO DE 2026 (XOVES).

**HORA:** 09:30 HORAS.

**LUGAR:** ESTADIO MUNICIPAL DE CALABAGUEIROS.


**DIRECCIÓN:** Rúa Rio Mariñán nº 6, 32600 O Barco de Valdeorras (Ourense).

Recórdase que en dita data 23 de xullo, realizaranse ao longo do día, todas as probas de aptitude física previstas nas bases que rexen a convocatoria: Carreira resistencia

1000 m., Test de Barrow, Dominadas, press de banca e natación, debendo os/as aspirantes traer a indumentaria necesaria para a realización das distintas probas (camiseta, pantalón, zapatillas deportivas, bañador, gorro piscina, etc.).

E sendo ás 10:10 horas, dáse por finalizado o acto. Dou fe.

O Presidente,



O Secretario,

